


# Tradución

## Konstantinos Jatzopoulos: “Non busco o alleo”

Victoria LENG

Konstantinos Jatzopoulos nace en Agrinio (11/05/1868), na zona occidental grega de Etolia-Acarmania, e morre nun barco cando está de viaxe familiar a Italia (xullo 1920) debido ao envelenamento por produtos alimenticios. Nace nunha familia adañeirada como fillo primoxénito do matrimonio Ioanni Jatzopoulo e Teofania Staikou; despois del seguirían seis irmáns. Tras os seus estudos no colexio de Agrinio, trasládase a Mesologi para seguir estudando e aos catorce anos comeza a estudar Dereito na Universidade de Atenas (1882-1888); porén, traballa pouco tempo como avogado, herda o pazo de seus avós e axiña se dedica á literatura. Na literatura grega é coñecido como novelista, tradutor, ensaísta, narrador, vangardista da demótica e socialista. Ao principio da súa carreira literaria moitas veces aparecía nas letras gregas co nome Petros Vasilikos. A súa loita a favor da lingua demótica converteuno nun dos defensores e innovadores máis importantes da lingua popular grega. Despois da guerra greco-turca de 1897, funda e dirixe a revista de literatura *Tecni* (1898-1899), convertida axiña nun referente importante pola súa contribución á mellora da calidade da publicidade cultural e ao achegamento dos movementos vangardistas europeos ao pobo grego. Os colaboradores máis salientábeis da dita revista foran Kostis Palamas, Griparis, Nirvanas, Karkavitsas, Malakasis e Totokis; todos coñecidos pola súa loita en favor do recoñecemento da lingua demótica (popular) como lingua de uso oficial en Grecia. Durante súa estada en Alemaña (1900-1901 e 1905-1914), asimila as ideas do socialismo e tenta transimitilas en Grecia; funda, tamén, en Berlín e Dresde a Irmandade da Demótica, onde participan gregos e alemáns intelectuais da época. Volta a Grecia xunto coa súa familia definitivamente en 1914 e permanece alí durante a Primeira Guerra Mundial.



---

\* Foto tirada de: <http://digitalschool.minedu.gov.gr/>.

A obra de Jatzopoulos é pouco coñecida no estranxeiro, pese á súa grande importancia dentro do país. A súa produción literaria divídese entre a narrativa e a poesía. Nesta última segue o movemento do simbolismo, mentres que na narrativa usa imaxes da vida cotiá, e a súa fonte de inspiración é a realidade social do seu tempo. As súas principais obras neste xénero son *O amor na aldea* (1910), *A torre de Acropótamo* (1915), *Superhome* (1915), *Taso en oscuridade e outros contos* (1916), *O outono* (1917), e *Annio e outros contos* (1923), esta última editada tras a súa morte. Todas estas obras, salvo *O outono*, de carácter simbolista, baséanse nos principios de realismo e naturalismo, e con elas o autor procura ampliar as fronteiras limitadas do costumismo grego e encontrar saída ás súas preocupacións sociais, como, por exemplo, a situación da muller na sociedade grega. É por esta razón que é considerado o introdutor da novela social en Grecia.

Canto á súa faceta lírica, as súas coleccións poéticas máis recoñecidas son *A canción do deserto e Elexía e Romances* (1898), *De xeito simple e As lendas da noite* (1920); todas elas pertencentes ao movemento simbolista. O simbolismo grego baséase principalmente nos motivos da tristeza, do mar, das penas do pobo; neste sentido, non debemos esquecer que a última década de século XIX foi moi difícil para o país, debido á perda dos territorios na guerra dos Trinta Días de 1897, alén da profunda crise política e económica. Jatzopoulos foi tamén tradutor, entre outras, das obras de Goethe, Gustaf Egerstam e do manifesto comunista de Marx e Engels á lingua demótica. Como crítico literario é autor de diversos estudos sobre Palamas, Kristalli, Kampisi, así como outros estudos xerais como *A psicoloxía do simbolismo* ou *Socialismo e Arte*.

O poema escollido para esta tradución, “Non busco o alleo”, encóntrase na escolma lírica *Βραδινόι Θρύλοι* (*As lendas da noite*, 1920), citada anteriormente. A súa natureza simbolista vincúlase ao movemento vangardista da época, da que Konstantinos Jatzopoulos, pertencente á Xeración dos 80 e á Escola Ateniense, se considera un dos seus introdutores no país heleno.

### Δὲ γυρεύω ξένο

Δὲ γυρεύω ξένο, δὲ ρωτάω κρυφó,  
δὲ γυρεύω χάρη.  
Κάτι μοῦ ἔχουν πάρει μὲς ἀπ’ τῆ ψυχῆ  
κάτι μοῦ ἔχουν πάρει.

Καὶ δὲν ἦταν οὔτε ξωτικά  
καὶ δὲν ἦταν χέρια  
κι ἦταν ἓνα βράδυ πού ἔπαιζαν θολὰ  
στὸ γιαλὸ τ’ ἀστέρια.

Κι ἦρθε ἓνας ἀγέρας κι ἦρθ’ ἓνας βοριάς  
σκοτάδι,  
—ὦ ἀδερφή, χαμένο κάποιο θησαυρὸ  
ποῦ θρηνοῦμ’ ὀμάδι.

Μὲς στὸ κῦμα ἀνοίγει δρόμο μυστικὸ  
δείχνει τὸ φεγγάρι.  
Κάτι μοῦ ἔχουν πάρει μὲς ἀπ’ τῆ ψυχῆ,  
κάτι μοῦ ἔχουν πάρει.

### Non busco o alleo

Non busco o alleo, non pregunto o segredo,  
non procuro os favores.  
Algo me quitaron dentro da alma,  
algo me levaron.

E non foron nin os elfos,  
tampouco as mans  
e foi unha noite, cando brillaban  
veladamente as estrelas na ribeira.

E veu o ar e veu o vento do norte,  
e chegou a escuridade.  
—Aí, irmá, perdeuse algún tesouro  
e choramos xuntos por el.

Sobre as ondas ábrese un camiño oculto;  
sinálao a lúa.  
Algo me quitaron dentro da alma,  
algo me roubaron.